

de Estadística de este Ayuntamiento, a efecto de reclamaciones, durante el plazo de diez días hábiles, de conformidad con el artículo 30.2.a) del Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas.

Porriño, a 21 de diciembre de 1999.—El Alcalde, ilegible. 38

* * *

GONDOMAR

A N U N C I O

Aprobada definitivamente por acordo do Pleno do Concello do pasado 30 de novembro a modificación do Regulamento Orgánico do Concello de Gondomar faise público ó abeiro do artigo 70.2 da Lei de Bases do Réxime Local :

REGULAMENTO ORGANICO DO CONCELLO DE GONDOMAR

CAPITULO PRELIMINAR

ARTIGO 1.—O presente regulamento dítase en virtude das atribucións que os artigos 5 e 20 da Lei 7/85 de 2 de abril outorga ás entidades locais a fin de que regulamenten e organicen o funcionamento dos seus órganos básicos ou complementarios.

CAPITULO I.—DOS GRUPOS POLITICOS

ARTIGO 2.—Os concelleiros, en número non inferior a dous, poderanse constituír en grupo político. Durante o mandato da Corporación, ningún membro dela poderá integrarse nun grupo distinto daquel en que o faga inicialmente.

ARTIGO 3.—Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, deferacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de dous escanos.-

ARTIGO 4.—A constitución dos grupos comunícarase mediante escrito dirixido ó Alcalde, dentro dos cinco días seguintes á sesión constitutiva da Corporación, no que se fará constar o nome de tódolos integrantes do grupo, o seu voceiro e mailo seu suplente, se é o caso.

ARTIGO 5.—O voceiro de cada grupo político será o representante do mesmo a tódolos efectos e integrarase na XUNTA DE VOCEIROS. A citada Xunta, que será convocada e reunirse cando o Alcalde o estime pertinente, terá a función de tratar, xunto coa Presidencia, aqueles asuntos que afecten á ordenación dos da Corporación e aqueloutros que o Alcalde coide preciso someter para a súa consideración.

ARTIGO 6.—Os concelleiros que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva, deberán incorporarse ó grupo político correspon-

dente á lista na que fosen elixidos ou, caso de que non acadase número dabondo para formar grupo propio, no Grupo Mixto.

ARTIGO 7.—Os grupos políticos poderán facer uso dos locais do Concello para celebrar reunións ou sesións de traballo con asociacións para a defensa dos intereses colectivos xerais ou sectoriais da poboación, solicitándoos coa debida antelación ó Alcalde para que este arbitre a coordinación funcional dos locais disponibles dando preferencia, no caso de coincidiren, ós grupos con máis representatividade política dentro do Concello.

CAPITULO II.—DO PLENO

ARTIGO 8.—O Pleno do Concello celebrará a sesión ordinaria con periodicidade bimensual, nas datas que o mesmo acorde. Nembargantes, o Alcalde, por propia iniciativa ou por instancia dos voceiros, poderá, por causa xustificada, convocala para un día distinto do fixado , así como convocar outra ordinaria en dito período. A celebración da sesión extraordinaria a instancia dos membros da Corporación non poderá demorarse máis de 15 días dende que o escrito tivese entrada no Rexistro Xeral.

ARTIGO 9.—A Secretaría do Concello terá, a partir da convocatoria das sesións plenarias, a disposición de tódolos concelleiros os antecedentes dos asuntos que se vaian tratar na sesión. Os concelleiros, na medida na que sexa posible, poderán obter copias deses documentos, se ben os orixinais non poderán ser trasladados fóra da Casa do Concello. Será responsable da súa custodia o concelleiro que os retirase.

ARTIGO 10.—As sesións plenarias celebraranse regularmente no Salón de Actos da Casa da Cultura, con independencia de que o Alcalde, por razóns xustificadas, resolva que se celebren noutro lugar.

ARTIGO 11.—Os grupos políticos intervirán nas sesións plenarias a través do voceiro que cada un deles designe, aínda que este poderá delega-la súa intervención no concelleiro que estime pertinente pola especificidade de cada asunto. Pecharase cada punto da orde do día cunha intervención dos voceiros onde se fixará a posición dos grupos respectivos ante a votación do punto.-

ARTIGO 12.—Os concelleiros situaranse no Salón de Sesións ó carón do seu Grupo Político para facilita-la emisión e reconto dos votos.

ARTIGO 13.—O Alcalde ordenará as intervencións no caso de que se promova debate. Cando haxa alusións persoais, o aludido poderá intervir por un breve período de tempo cando remate no uso da palabra o concelleiro que o aludira, se ben aquela intervención cinguirase, exclusivamente, ó feito da alusión.

ARTIGO 14.—Unha vez rematada a quenda de intervencións, e sempre antes de vota-la correspon-

dente proposta, calquera deles poderá solicita-la suspensión da sesión por un período de ata cinco minutos para intercambiar puntos de vista cos membros do seu grupo ou doutros. Cada voceiro poderá utilizar este dereito soamente unha vez por sesión, coa excepción de que o Alcalde estime unha nova solicitude ó respecto.

ARTIGO 15.—Os concelleiros poderán, en calquera momento do debate, pedi-la palabra para presentar unha cuestión de orde, invocando a este respecto a norma que consideren de aplicación. O Alcalde resolverá o que proceda sen que por este motivo haxa que suscitar ningún debate.

ARTIGO 16.—No punto da orde do día correspondente á fiscalización e control dos órganos de goberno, os Concelleiros poderán presentar mocións, rogos e preguntas. No caso das mocións deberán presentarse por escrito no Rexistro Xeral do Concello, alomenos 2 días hábiles antes da data da sesión.-

ARTIGO 17.—Calquera membro da Corporación poderá presentar antes do comenzo das sesións ordinarias, por escrito e cun día de antelación, propostas de acordo como moción de urxencia sobre asuntos que non estean comprendidos na orde do día.

CAPITULO III.—DA COMISION DE GOBERNO

ARTIGO 18.—

- a) A Comisión de Goberno estará integrada polo Alcalde e un máximo de cinco concelleiros nomeados e separados libremente por aquel, que dará conta ó Pleno.
- b) Igualmente poderán asistir á Comisión de Goberno, como meros asistentes e sen voto, aqueles concelleiros que ó efecto sexan convocados polo Alcalde do xeito que estime pertinente.
- c) Na Comisión de Goberno haberá un representante da entidade local menor de Morgadáns con voz pero sen voto sempre que se trate de asuntos que afecten á mesma.

ARTIGO 19.—A Comisión de Goberno celebrará sesións ordinarias coa periodicidade e horario que fixe a propia Comisión e que poderá ser modificado polo Alcalde por causas xustificadas.

CAPITULO IV.—DAS COMISIONS INFORMATIVAS

ARTIGO 20.—O abeiro do disposto no artigo 20.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, o Concello creará, como órganos complementarios, aquelas comisións informativas que o Pleno do Concello acorde. O número de membros será o que acorde o mesmo Pleno, por proposta do Presidente, e na súa composición respectarase o principio de proporcionali-

dade segundo o numero de membros de cada grupo dos presentes na Corporación. A tal efecto, cada grupo designará os seus representantes a través dun escrito dirixido ó Presidente. Procederáse do mesmo xeito no caso de cambio nas designacións.

ARTIGO 21.—O Presidente das Comisións Informativas será o Alcalde, que poderá delegar, se é o caso, en calquera outro concelleiro que pertenza á Comisión Informativa. A Secretaría das Comisións recaerá sobre o Secretario Xeral da Corporación ou persoa ó servizo do Concello na que delegue.

ARTIGO 22.—A convocatoria das Comisións Informativas será realizada polo Presidente cunha antelación mínima de 24 horas, agás nos casos de urxencia, nos que se convocará por calquera medio que estime pertinente. As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de polo menos a metade dos seus membros. No caso da Comisión de contas ou Economía e Facenda (caso de existir) a mesma celebrase cunha antelación de alomenos 6 días con respecto á sesión plenaria na que se vaian tratar os asuntos a estudar pola citada Comisión.

ARTIGO 23.—As Comisións poderán recaba-la presenza daqueles técnicos do Concello que as poidan asesorar para coñecer calquera asunto dos que se vaian someter ó seu estudio e consideración.

CAPITULO V.—DAS ACTAS E NORMALIZACION LINGÜISTICA

ARTIGO 24.—As Actas das sesións de tódolos órganos colexiados do Concello mailas resolucións da Alcaldía transcribíranse por medios mecánicos en papel timbrado do Estado ou da Comunidade Autónoma en idioma galego. Os libros de Actas e Resolucións estarán compostos por follas móbiles ata a súa encadernación.

ARTIGO 25.—En xeral, toda a documentación obrante nos expedientes e que se formalice no Concello redactarase en galego. Nas actas poderanse reflectir en castelán aquelas intervencións literais dos voceiros que, se é o caso, utilicen este idioma.

ARTIGO 26.—Nos debates dos órganos colexiados utilizarase, indistintamente, o galego e o castelán. O Concello promoverá e potenciará o uso do idioma galego en tódolos ámbitos da vida municipal e veciñal, dispoñendo as medidas oportunas, así como os medios para levalo a cabo con eficacia.

ARTIGO 27.—Como principio xeral, soamente se traducirán ó castelán aqueles documentos que deban surtir efectos fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou aqueloutros nos que a tradución sexa expresamente solicitada por escrito polos interesados.

**CAPITULO VI.—DOS DEREITOS ECONOMICOS
DOS MEMBROS DA CORPORACION**

ARTIGO 28.—Os membros da Corporación terán dereito a percibi-las retribucións e indemnizacións que fixe o Pleno do Concello e as que legalmente lles correspondan, coas especificacións que precisan os artigos seguintes.

ARTIGO 29.—O Alcalde desempeñará o seu cargo con dedicación exclusiva e percibirá por este concepto as retribucións que, de acordo co Orzamento, se determinen.

ARTIGO 30.—O Pleno, por proposta do Alcalde, determinará se, de acordo co Orzamento, un concelleiro desempeñará tamén o seu posto con dedicación exclusiva e fixará a este respecto as retribucións correspondentes.

ARTIGO 31.—O Pleno, dentro das consignacións do Presuposto, fixará as indemnizacións que os membros da Corporación sen dedicación exclusiva poden percibir pola asistencia efectiva as sesións do Pleno, da Comisión de Goberno e Comisións Informativas, así como a daqueles concelleiros que asistan á Comisión de Goberno de acordo co previsto no artigo 18 b) deste Regulamento.

ARTIGO 32.—Unha vez adoptados, os criterios de fixación das retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación permanecerán invariables ata que o Pleno do Concello non adopte novo acordo sobre os mesmos ou deixe sen efecto os anteriores.

**CAPITULO VII.—DA INFORMACION
OS GRUPOS POLITICOS**

ARTIGO 33.—A relación de resolucións da Alcaldía e Actas das Comisións de Goberno serán entregadas ós grupos políticos con representación na Corporación cada 15 días.

ARTIGO 34.—Tódolos membros da corporación terán dereito a obter do alcalde cantos antecedentes, datos ou informacións consten en poder dos servizos da Corporación e lles cumpran para o desenvolvemento da súa función. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa farase a través de resolución ou acordo motivado. Os servizos da Corporación facilitaranlles directamente información nos seguintes casos:

- a) Cando se trate do acceso dos membros da Corporación que teñan delegacións ou responsabilidades de xestión á información delas.
- b) Cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación á información e á documentación correspondente ós asuntos que deban ser tratados polos órganos colexiados dos que formen parte, así como ás resolucións ou ós acordos adoptados por calquera órgano da Corporación.

- c) Cando se trate do acceso de membros da Corporación á información ou á documentación da entidade local que sexa de libre acceso para os cidadáns.

ARTIGO 35.—Tódolos membros da corporación teñen a obriga de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evita-la reprodución da documentación que poida facilitárselles, en orixinal ou copia, para o seu estudio.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

UNHA.—No prazo de quince días dende a entrada en vigor do presente Regulamento procederase á adaptación dos Grupos Políticos ós termos previstos no mesmo.

DOUS.—A Corporación deberá redactar e aprobar un Regulamento de Participación Veciñal.

DISPOSICIONS DERRADEIRAS

PRIMEIRA.—Para o non previsto no presente Regulamento e sempre que non o contradiga ou sexa incompatible co mesmo, estarase ó disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEGUNDA.—O presente Regulamento entrará en vigor despois da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo que prevé o artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril.

Gondomar, a 23 de decembro de 1999.—O Alcalde, J. Carlos Silva Mariño. 60



**Juzgados de Primera
Instancia e Instrucción**

E D I C T O

Don Francisco Javier Menéndez Estébanez, Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia e Instrucción número cuatro de Pontevedra.

Hace saber.—Que en este Juzgado, se siguen autos de ejecutivo otros títulos, con el número 124/1997, a instancia de Banco Mapfre, S.A., representado por el Procurador señora doña María del Amor Angulo Gascón, contra don Manuel Barreiro Magdalena y Francisca Rodríguez Maneiro, en trámite de procedimiento de apremio, en los que por providencia de esta fecha, se ha acordado anunciar por medio del presente la venta en pública subasta,